

Morcegos de Galicia é o programa de conservación das poboacións galegas de morcegos que desenvolve o Grupo Galego de Ecoloxía e Conservación de Quirópteros de Drosera.

Na páxina web www.morcegosdegalicia.org poderás atopar información sobre as especies de morcegos presentes en Galicia, a súa distribución biolóxica así como documentación, recursos didácticos, actividades e enlaces a outros sitios web nas que podes aprofundar no coñecemento destes fascinantes animais.

No enderezo info@morcegosdegalicia.org estamos a túa disposición se queres:
 - Iniciar o coñecemento dos morcegos
 - Resolver calquera dúbida morceguil
 - Saber que facer cos morcegos que hai na túa casa/grexa, muíño...
 - Colaborar con nós no estudo e conservación dos morcegos de Galicia



O n s e r v a d o s



Entrada dunha mina na ribeira do Cabe

Antiga construción na comarca do Eume

Souto manso no Courel

Os morcegos usan diferentes tipos de refuxio seguindo a especie, sexo, idade ou época do ano. Os bosques nos que abundan as árbores vellas, como soutos e carballeiras, as construcións e as cavidades subterráneas (covas e minas abandonadas), son algúns dos máis importantes refuxios para eles. Por iso a súa adecuada xestión é indispensable para a conservación das poboacións de morcegos.



ESTUDANDO A SÚA BIOLOXÍA

O coñecemento da bioloxía das diferentes especies de morcegos presentes en Galicia é indispensable para unha xestión responsable do noso entorno que favoreza a conservación das súas poboacións.

Para “Morcegos de Galicia” vimos utilizando diversas técnicas de estudo, desde as máis tradicionais - como a revisión de refuxios e a captura con redes - ata a detección mediante ultrasóns ou o radioseguimento.

MORCEGOS DE GALICIA

www.morcegosdegalicia.org

ESTUDO E CONSERVACIÓN DOS MORCEGOS GALEGOS



MORCEGOS DE GALICIA

En Galicia existen máis de 20 especies de morcegos de 10 xéneros diferentes.



Epptesicus serotinus



Hypsugo savii



Rhinolophus hipposideros



Myotis bechsteini

Plecotus auritus



Nyctalus leisleri



Pipistrellus pipistrellus



Barbastella barbastellus



Miniopterus schreibersii



Tadarida teniotis

Os morcegos son fundamentais para o equilibrio dos ecosistemas xa que son os principais consumidores de insectos na nosa latitude. Algúns destes insectos poden converterse en pragas agrícolas ou forestais polo que debemos consideralos como uns veciños moi especiais.



AXÚDANOS A CONSERVAR OS MORCEGOS